

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES A Xunqueira 1 situado en Pontevedra. Dadas as características particulares do centro, que recolle alumnado de moi distintas procedencias (do ámbito rural, urbano e alumnado inmigrante) é de vital importancia o traballo pola integración e pola convivencia.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por 50 alumnos e alumnas divididos en tres grupos, con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 14 anos. (Algún deles con necesidades educativas y refuerzos en varias asignaturas e moi poucos repetidores). Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

Este proxecto pretende un achegamento conxunto e compartido para adquirir ás competencias básicas, colaborando con todas as materias, para intentar afianzar unha ensinanza global, integradora e máis completa para o alumnado, a través dunha viaxe virtual polas diferentes culturas do mundo.

O proxecto permitirá descubrir, crear e compartir diferentes recursos de estudo, como xerar mapas mentais, fichas, brainstormings, presentacións en diferentes plataformas dixitais, tests e apuntes, mediante aspectos esenciais da cultura das diferentes cidades do mundo, ademais, intentará ser un referente de traballo interdisciplinar, potenciando valores como o traballo en equipo, compromiso, solidariedade, inclusividade, competencias básicas como a lingüística, a competencia dixital, aprender a aprender, a interacción co mundo físico e coordinando materias como as linguas, xeografía e historia, arte, economía, música, educación plástica e visual, E.F., etc.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Diseñar un plan de traballo	Comprender o mundo no que vivimos dende unha perspectiva ampla. Empatizar coas diversas culturas do mundo, coas súas características e problemáticas. Reflexionar sobre as actuacións a tomar, sobre a elección de destinos, os riscos e os retos que supón estes. Decidir a duración do proxecto e identificar os seus obxectivos. Decidir quen vai a realizar as diferentes tarefas. Determinar os pasos a seguir na súa execución.	30	10	X		
2	Desenvolver o proxecto	Coordinación e uso eficiente dos tempos e dos recursos. Identificar as propias potencialidades, o traballo en equipo, cooperativo, motivado e responsable. Desenvolvemento das habilidades sociais: empatía, asertividade, negociación, bo clima de traballo.	30	10		X	
3	Presentación do proxecto	Elaboración do produto final e presentación do mesmo. Presentar os resultados obtidos dun xeito eficaz empregando estratexias de comunicación ligadas as novas tecnoloxías. Emprego dunha linguaxe positiva e control das emocións.	40	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Diseñar un plan de traballo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia e empatizar coas diversas culturas do mundo, coas súas características, problemáticas.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Desenvolver o proxecto	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentación do proxecto	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os resultados obtidos por grupos e crear en conxunto unha ruta virtual arredor do mundo visitando os lugares máis representativos de cada continente.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: “O mundo, unha viaxe virtual ”

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, determinarase o tema sobre o que os distintos grupos queren investigar. Algúns dos posibles temas son:

- As diferentes linguas do mundo.
- Datos xeográficos e de poboación dos países traballados.
- As costumbres e tradicións nos diferentes países do mundo
- Lugares e espazos máis representativos de cada país.
- A música popular e as diferentes manifestacións culturais
- En xeral, a historia e xeografía, lingua, filosofía, economía, música, arte, gastronomía dos diferentes continentes e países.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, é a etapa mais relevante e á que se adica maior tempo, onde os alumnos desenvolverán o proxecto:

- Otención de información dos pasos a seguir para organizar unha viaxe, desenvolverse nos diferentes medios de transporte, sistemas de sanidade en diferentes países, formas de pago, as diferentes moedas.
- Investigación dos diferentes medios de transporte de cada país, as formas de vida doutras culturas e valoración positiva das características de cada grupo social.
- Práctica de rutas por diferentes cidades do mundo mediante desafíos, con presupostos definidos previamente. Situación do país o que viaxaremos e investigaremos sobre as normas de cada país: dende pasaportes, seguros, sanidade, utilización de billetes físicos e dixitais, guías de viaxe, etc.
- Planificación dunha ruta polos países que coñeceremos, aproveitando para recoller información de cada país, e o situaremos no mapamundi.
- Estudio da estrutura dos países de cada continente, así como as súas características socio-culturais, a través de apuntes, busca de información, lecturas guiadas polo profesorado, e por equipos, para que saiban interactuar, así como expoñer en público.
- Traballo en grupos de alumnos e alumnas propoñendo un mesmo desafío, como organizar rutas so cun medio de transporte concreto: avión, autobús, tren, camiñando. Para fomentar o traballo e a imaxinación dos alumnos.
- Organizar charlas tanto de alumnos como de persoas doutros países para que nos informen sobre as súas culturas, música, danzas, costumes...
- Encontrar as diferencias e similitudes coa nosa propia cultura e realizar un xogos (Trivial, Kahoot...) por equipos para valorar os coñecementos adquiridos.

Nesta etapa, recollerán datos e analizarán a información recompilada, establecendo comparativas entre aqueles días e o presente.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos o seu produto final.

O proxecto final, será a exposición tanto virtual como física no centro, dunha ruta arredor do mundo.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión no centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello, asociacións culturais....

Poderán elaborar unha revista, unha reportaxe gravada, unha exposición nos corredores...

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...)
- Matemáticas (estadísticas sobre poboacións, tempos...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

O Proxecto Competencial avaliarase 100% mediante Táboas de Indicadores.

Entre os procedementos de avaliación:

- 1ª Avaliación: Presentación de dossier informativo co plan de traballo. Escollo do tema e xustificación.
- 2ª Avaliación: Entrega do dossier de traballo coa procura de información. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada...
- 3ª Avaliación: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están en/ou por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

A nota final será a media das cualificacións de cada avaliación dos tres trimestres. Dita media redondearase tamén ao enteiro máis próximo. Se dita media é igual ou superior a 5, a materia está superada.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non puidera ser avaliado mediante Táboas de Indicadores porque non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto durante todo o curso. Dita nota sustituirá ás notas anteriores e será a nota da avaliación ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que un alumna/o teña a materia pendente, terá que realizar unha proba escrita trimestral ou anual, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre os contidos mínimos dos diferentes aspectos traballados neste proxecto en cada trimestre.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están en/ou por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

A nota final será a media das cualificacións de cada avaliación dos tres trimestres. Dita media redondearase tamén ao enteiro máis próximo. Se dita media é igual ou superior a 5, a materia está superada.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto durante todo o curso. Dita nota sustituirá ás notas anteriores e será a nota da avaliación ordinaria.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrevista nun medio de comunicación local	Difusión informativa do proxecto.			
Exposición en locais socioculturais	Exposición e explicación do proxecto á veciñanza.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados